

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE MARZO DE 2021

Ás 10:00 horas do día 30 de marzo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 25 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana Garcia Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xuridic  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Luz González Domínguez, asiste os puntos 2.a e 4.a.  
D. José Ángel Otero Lamas, asiste os puntos 9.a,10.a e 11.a

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a “Reconquista de Vigo” (18.409-101)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. MATILDE MARÍA CORRAL BLANCO
  2. VERSATIL SERVICIOS EDITORIAS, S.L.U.

### **4.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a “Reconquista de Vigo” (18.409-101)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 14:01	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-CAAAAB-C927C4-GRL4R2-UL8P9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 25 de marzo de 2021 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de CIVIS GLOBAL, S.L.U. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de marzo de 2021, por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares para os supostos de presentación mediante pegada dixital.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	94,77
2º	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L	94,17
3º	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,27



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 14:01	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-CAAAAB-C927C4-GRL4R2-UL8P9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



4º	EXTRACO, S.A.	84,26
5º	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	80,44
6º	NAROM, S.L.	76,39

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. (A-36.614.691) e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL", redactado polos Arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Manuel Portolés Sanjuan e D. Francisco Javier Garcia-Quijada, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 14:01	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-CAAAAB-C927C4-GRL4R2-UL8P9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 01/12/2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 381.305,15 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.61 (Humn. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	2.197.043,98 €
TOTAL	2.197.043,98 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3ª.2 da LCSP).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U. por estar incurso a súa oferta en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

**Segundo.-** Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,24
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	90,92
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,87
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,73
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	87,07



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitadores	Puntuación total
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	84,69
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	17,05

**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 12 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 25 de marzo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 14:01	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-CAAAAB-C927C4-GRL4R2-UL8P9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de febreiro e 3 de marzo de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de ORECO, S.A.U. adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de marzo de 2021, por estar incursa a súa oferta en presunción de anormalidade e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.*
2. *Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441) por un prezo total de 1.645.585,94 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.597,56 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 14:01	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-CAAAAB-C927C4-GRL4R2-UL8P9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		